

mento de recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións recoñecidas polo departamento.

As comunidades autónomas serán competentes para todas as actuacións previstas no Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, a partir da recepción da indicada documentación, salvo no referente aos recursos interpostos en relación co recoñecemento delas.

**Disposición transitoria segunda.** *Procedementos administrativos en tramitación.*

Os procedementos de recoñecemento oficial de asociacións e organizacións de criadores de cans de razas puras, en tramitación no momento da entrada en vigor deste real decreto, serán resoltos de acordo coa normativa en vigor no momento do seu inicio.

**Disposición transitoria terceira.** *Prototipos raciais das razas caninas españolas.*

Mentres non sexan regulados pola comunidade autónoma competente en cada caso os prototipos raciais das razas caninas españolas, manterán a súa vixencia os contidos no anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, na súa redacción anterior á entrada en vigor deste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica a que se refire o artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

**«ANEXO**

**Razas caninas españolas**

As razas caninas españolas son as que figuran a seguir:

Alano Español.  
Ca de Bestiar (Can de Pastor Mallorquino).  
Ca de Bou (Can de Presa Mallorquino).  
Ca Eivissenc (Podengo Ibicenco).  
Ca Mè Mallorquí.  
Ca Rater Mallorquí (Rateiro Mallorquino).  
Can de Palleiro.  
Can Guicho.  
Euskal Artzain Txakurra variedade lletsua.  
Euskal Artzain Txakurra variedade Gorbeiakoa.  
Galgo Español.  
Gos d'Atura Catalá (Can de Pastor Catalán).  
Gos Rater Valencià (Rateiro Valenciano).  
Mastín del Pirineo.  
Mastín Español.  
Pastor Garafiano.  
Perdigueiro Galego.  
Perdigueiro de Burgos.

Perro de Agua Español (Can de Auga Español).  
Perro Majorero.  
Presa Canario.  
Podenco Andaluz.  
Podenco Canario.  
Podengo Galego.  
Ratonero-Bodeguero Andaluz.  
Sabueso Español.  
Villano de las Encartaciones.»

**416**

*ORDE APA/1/2006, do 10 de xaneiro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.* («BOE»10, do 12-1-2006.)

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal. A súa propagación supón un risco para o gando e podería ter consecuencias moi desfavorables para os intercambios comerciais a nivel internacional. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul en territorio peninsular. As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante decisións da comisión, sendo a última a Decisión 2005/393/CE, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas. Tras un silencio epizootiolóxico, a enfermidade reemerxeu na península e cesou a circulación viral en decembro de 2005.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, ante a súa aparición no territorio peninsular español. Estas medidas foron posteriormente modificadas á vista da evolución da enfermidade e seguindo o criterio do grupo de expertos previsto no Plan de Intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, mediante sucesivas ordes ministeriais, sendo a última a Orde APA/3335/2005, do 26 de outubro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. Os axustes legislativos foron necesarios para xestionar o risco en función da situación epidemiolóxica no tempo e das peculiaridades de cada sector específico.

Unha vez efectuada a análise dos datos históricos e recentes, tanto climatolóxicos como entomolóxicos, o grupo de expertos previsto no Plan de Intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, considera que non existe risco de presenza de vector durante os meses invernales nunha determinada zona do territorio español (zona estacionalmente libre) e por tanto, non existe risco de circulación viral na dita zona.

A este respecto, a Decisión da Comisión 2005/393/CE, do 23 de maio de 2005, sobre as zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas, recolle no seu artigo 3.3 o movemento de animais sensibles tras un período de tempo despois do cesamento da actividade do vector.

En función da situación actual da enfermidade, procede unha modificación da Orde APA/3335/2005, do 26 de outubro, co obxecto de considerar durante un período de tempo determinado unha zona do territorio nacional como estacionalmente libre de lingua azul. Esta consideración deixará de ter efecto 28 días antes da data máis temperá en que o virus poida continuar a súa actividade segundo os datos históricos ou inmediatamente se os datos climáticos ou os datos resultantes do programa de vixilancia e seguimento continuo indican un rexurdimento máis precoz da actividade dos mosquitos *Culicoides* imicola adultos.

Razóns de seguridade xurídica aconsellan, dado o alcance das modificacións, a aprobación dunha nova orde, que derroga a anterior, o que facilitará a súa aplicación.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto da presente orde é establecer medidas específicas de protección contra a lingua azul, de aplicación a todo o territorio nacional.

#### Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas nos artigos 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e 2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Centro de mostraxe para a lingua azul: aquela instalación autorizada e baixo control da autoridade veterinaria competente, na cal se mantén un grupo illado de animais protexidos da acción de *Culicoides*, ben por ser unha instalación creada para tal fin ben por ser unha explotación gandeira na cal se colocasen os dispositivos necesarios para impedir a entrada de *Culicoides*, durante un período de tempo adecuado, co fin de someter os animais a probas de diagnóstico fronte á lingua azul.

b) Zona restrinxida estacionalmente libre, zona restrinxida non estacionalmente libre e zona libre: as previstas no anexo II.

#### Artigo 3. *Centros de mostraxe para a lingua azul.*

1. Nos centros de mostraxe para a lingua azul deberán cumprir polo menos as seguintes condicións:

a) Proceder á limpeza, desinfección e desinsectación do centro entre cada partida de animais que se introduzan para a mostraxe fronte á lingua azul.

b) Utilizar insecticidas/repelentes en todos os animais antes da entrada no centro, e coa frecuencia de pulverizado axustado á duración da súa efectividade, segundo as indicacións do produto e as recibidas do veterinario de explotación.

c) Poñer en todas as naves da explotación mallas con diámetro de paso igual ou inferior a 5 mm en ventás, portas e outras posibles aberturas, impregnando estas mallas con insecticidas que teñan ademais efecto repelente. Repetir a impregnación antes de que perda algún dos dous efectos, seguindo as indicacións do veterinario, e polo menos repetir a aplicación cada 20 días, ou sempre que a choiva fose de tal intensidade que puidese producir

o arrastre dos principios activos. O titular debe coidar que o po non se acumule nelas, aplicando de novo os insecticidas con posterioridade a cada limpaado das mallas.

d) Tratamento con insecticidas autorizados de esterqueiras e zonas húmidas da explotación anexas a estas instalacións.

e) Levar un rexistro escrito das aplicacións realizadas cos repelentes e insecticidas, con indicación expresa das datas de aplicación.

f) Levar un rexistro detallado das entradas e saídas dos animais, coa súa identificación individual e as explotacións de orixe e destino.

g) Comunicarlles inmediatamente aos servizos veterinarios oficiais a sospeita de calquera sintomatoloxía que poidan ter os animais, e que poida ser compatible coa lingua azul.

2. A aparición de animais positivos á técnica analítica de determinación de lingua azul dará lugar á realización dun estudo polas autoridades de sanidade animal de orixe, de forma que permita descartar o risco de que o resto dos animais do centro de mostraxe poidan estar infectados, caso en que se poderá autorizar a saída de animais negativos do centro. Este feito porase en coñecemento das autoridades competentes de destino.

3. Os servizos veterinarios oficiais inspeccionarán, cunha periodicidade mínima mensual, o cumprimento das condicións de autorización, e en especial a efectividade dos medios empregados para manter os animais protexidos do ataque de *Culicoides*.

4. Remitiráselle á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as autorizacións pertinentes e os códigos de rexistro dos centros de illamento, co fin de elaborar unha listaxe das devanditas instalacións.

#### Artigo 4. *Vacunación de especies sensibles en zona restrinxida.*

1. Establécese a vacinación obrigatoria na zona restrinxida de todos os ovinos reprodutores así como de todos aqueles ovinos con máis de 3 meses.

A vacinación levarase a cabo baixo supervisión oficial e coas vacinas que para tal fin lles subministre a Dirección Xeral de Gandaría ás comunidades autónomas das zonas restrinxidas.

2. A vacinación con vacina viva só se poderá realizar nas épocas en que o programa de vixilancia entomolóxica sinala que o vector non é activo na zona. A vacinación coas vacinas inactivadas realizarase o máis tardiamente posible e antes da aparición do vector.

3. Os animais vacinados deberán marcar no momento da primovacinação cunha marca auricular de cor na cal figurará, polo menos, a lenda «LA». As autoridades competentes en sanidade animal das comunidades autónomas levarán a cabo un rexistro dos animais vacinados, en que, polo menos, figurará o ano/mes de primovacinação e de sucesivas vacinacións, o código de explotación e a identificación individual dos animais, cando proceda.

4. Co fin de lle dar cumprimento ao establecido no artigo 11.2 do Real decreto 1228/2001, as autoridades competentes das comunidades autónomas remitiranlle á Subdirección Xeral de Sanidade Animal os programas vacinais que pretendan aplicar no seu territorio, co fin de trasladalo á Comisión Europea.

#### Artigo 5. *Movemento de animais sensibles con destino a territorio doutros Estados membros.*

Os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida poderanse mover directamente a territorio doutros Estados membros logo de

autorización do Estado membro de destino, coas condicións que establece para o efecto a Decisión 2005/393/CE da Comisión, do 23 de maio de 2005, sobre as zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas.

**Artigo 6. *Requisitos xerais dos movementos para vida desde a zona restrinxida.***

1. Todo movemento de animais de especies sensibles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas en zona restrinxida, deberalle ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 48 horas.

2. Todos os animais que abandonen a zona restrinxida para o seu movemento para vida dentro de España, deberán estar marcados, de forma que se impida o seu traslado posterior a outro Estado membro da Unión Europea. Esta marcación realizarase, polo menos, no documento de identificación bovina (DIB) dos animais bovinos, previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, debendo garantirse en todo momento que esta marcación se mantén no DIB dos animais cando sexa emitido un novo documento por parte das autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio de posuidor deles, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro. No resto de ruminantes, a marcación efectuarase mediante unha marca auricular de cor.

3. Cando os animais abandonen a zona restrinxida, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente.

4. No certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, ou como documentación adxunta a el, constará, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a identificación do precinto do medio de transporte así como a identificación do responsable en orixe da aplicación das ditas medidas e, nos casos que así proceda, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, data de aplicación e, se é o caso, tempo de espera) e a documentación acreditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas aos devanditos animais.

**Artigo 7. *Requisitos adicionais dos movementos para vida desde zona restrinxida estacionalmente libre.***

1. Ademais dos requisitos previstos no artigo 6, todo movemento para vida dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida estacionalmente libre con destino a zona libre, poderase realizar co cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

- a) Que permanecesen durante polo menos 60 días na zona estacionalmente libre, ou
- b) que permanecesen durante polo menos 28 días na zona estacionalmente libre animais, período tras o cal se tomaron mostras e resultaron seroloxicamente negativos (ELISA), ou
- c) que permanecesen durante polo menos 7 días na zona estacionalmente libre tras o cal se tomaron mostras e resultaron viroloxicamente negativos (PCR), ou
- d) que se trate de animais nados tras a data de interrupción da actividade do vector, ou
- e) que se trate de animais vacinados contra a lingua azul entre 30 días e un ano antes do movemento.

f) que se trate de ovinos menores de 2 meses de idade nados de femias vacinadas con destino a ceba en explotacións situadas en zona libre, caso en que os animais quedarán inmovilizados na explotación de destino e terán como único destino final o sacrificio en matadoiros nacionais.

Para tal efecto, as autoridades competentes das comunidades autónomas elaborarán unha listaxe de explotacións de ceba de ovino que cumpran os requisitos hixiénico-sanitarios para a súa autorización para recibir ovinos de ceba de menos de 2 meses de zonas de restrición. Esta listaxe será remitida á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación co fin de elaborar unha listaxe nacional e poñela á disposición das autoridades competentes das comunidades autónomas.

2. A autoridade competente unicamente poderá autorizar as excepcións previstas no presente artigo durante o período de interrupción da actividade do vector.

No momento en que, a través do programa de vixilancia epidemiolóxica, se detecte que se reiniciou a actividade do vector na zona restrinxida afectada, a autoridade competente garantirá que se deixen de aplicar estas excepcións.

**Artigo 8. *Requisitos adicionais dos movementos para vida desde a zona restrinxida non estacionalmente libre.***

1. Ademais dos requisitos previstos no artigo 6, todo movemento para vida dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas na zona restrinxida non estacionalmente libre e con destino a explotacións situadas dentro da dita zona, poderase realizar co cumprimento dos seguintes requisitos xerais:

- a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.
- b) Os animais serán transportados en vehículos de transporte que deberán ser desinsectados antes da carga, baixo supervisión da autoridade competente.
- c) A carga e o transporte dos animais realizaranse, preferentemente, nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.
- d) Todos os animais sensibles obxecto de movemento serán previamente tratados cun desinsectante ou repelente baixo supervisión da autoridade competente. Nas explotacións de orixe terase procedido á desinsectación previa dos locais e arredores en que permanezan os animais.

2. Ademais dos requisitos do punto anterior, os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida non estacionalmente libre poderanse mover para vida ao resto do territorio nacional co cumprimento dalgunha das condicións que se establecen no anexo I.

**Artigo 9. *Movementos para sacrificio desde a zona restrinxida.***

1. Todo movemento de animais de especies sensibles entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas en zona restrinxida, deberá ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 48 horas.

2. Os animais serán sacrificados baixo supervisión oficial. A autoridade sanitaria competente do matadoiro será informada da intención de enviar a este os animais e notificaralle a súa chegada á autoridade sanitaria competente en materia de expedición.

3. Cando os animais abandonen a zona restrinxida, o transporte realizarase en vehículos precintados pola autoridade competente.

4. No certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, ou como documentación adxunta a el, constará, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a identificación do precinto do medio de transporte así como a identificación do responsable en orixe da aplicación das ditas medidas e, nos casos en que así proceda, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, data de aplicación e, se é o caso, tempo de espera).

5. Os animais de especies sensibles de explotacións situadas na zona restrinxida estacionalmente libre poderanse mover para sacrificio directamente ao resto do territorio nacional.

6. Os requisitos para autorizar os movementos para sacrificio de animais de especies sensibles desde explotacións radicadas na zona restrinxida non estacionalmente libres, con destino a matadoiro situado dentro da dita zona ou a matadoiro situado no resto do territorio nacional, serán os seguintes:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga, baixo supervisión da autoridade competente.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse preferentemente nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Os animais obxecto de movemento serán previamente tratados cun repelente o día do transporte, ou cun desinsectante cunha antelación máxima nese caso de 7 días naturais antes do transporte, tendo en conta o período de supresión do produto empregado baixo supervisión da autoridade competente.

#### Artigo 10. *Movementos de reses de lida destinadas a espectáculos taurinos, desde a zona restrinxida.*

1. Todo movemento de reses de lida con destino a espectáculos taurinos terá a consideración de movemento a matadoiro.

2. Os animais aos cales non se lles dese morte durante a celebración do espectáculo serán sacrificados ou reexpedidos directamente á explotación de orixe no prazo que estableza a autoridade sanitaria onde se encontran os animais.

3. No caso de os animais procederen de explotacións situadas en zona restrinxida non estacionalmente libre, os equinos e cabestros ou outros animais sensibles que puidesen entrar en contacto cos animais da partida deberán estar previamente desinsectados ou tratados con repelente, baixo supervisión veterinaria.

#### Artigo 11. *Esperma, óvulos e embrións.*

O traslado de esperma, óvulos e embrións de doadores de zona restrinxida rexerese polo previsto na Decisión 2005/393/CE, da Comisión, do 23 de maio de 2005.

#### Artigo 12. *Zona libre.*

Os movementos de saída desde unha zona libre, ou dentro da dita zona, de animais de especies sensibles, tanto para vida como para sacrificio, ou con destino a espectáculos taurinos, non están sometidos a ningunha condición específica con motivo da lingua azul.

#### Artigo 13. *Tránsito por zona restrinxida.*

O tránsito de animais sensibles expedidos a partir dunha zona libre, a través de zona restrinxida non estacionalmente libre, con destino directo a outra zona libre, queda prohibido.

#### Artigo 14. *Animais das especies equinas.*

Para os movementos de animais das especies equinas, con orixe en explotacións situadas na zona restrinxida non estacionalmente libre, deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) Os animais obxecto de movemento serán desinsectados como máximo dentro dos cinco días naturais previos ao movemento. Así mesmo, os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga.

b) A carga e o transporte dos animais realizarase fóra das horas de máxima actividade do vector.

#### Artigo 15. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto na presente orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde e, en especial, a Orde APA/3335/2005, do 26 de outubro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa e título competencial.*

A presente orde dítase de acordo co previsto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de xaneiro de 2006.

ESPINOSA MANGANA

#### ANEXO I

#### **Condicións mínimas para os movementos para vida de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas en zona restrinxida non estacionalmente libre**

O movemento de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas en zona restrinxida non estacionalmente libre a explotacións situadas no resto do territorio nacional poderase realizar se se cumpre algunha das seguintes condicións:

Que se trate de animais protexidos dos ataques de Culicoides durante o período mínimo previsto na normativa comunitaria vixente ao iniciar o traslado (60 días), ou que estivesen protexidos dos ataques de culicoides durante, como mínimo, 28 días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba serolóxica para a detección dos anticorpos do grupo do virus da febre catarral ovina, con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuado con mostras tomadas, como mínimo, 28 días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores, ou

que estivesen protexidos dos ataques de culicoides durante, como mínimo, 7 días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da febre catarral ovina ou unha proba de reacción en cadea da polimerasa (RT-PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuado con mostras de sangue tomadas, como mínimo, sete días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores, ou

que se trate de animais vacinados contra a lingua azul entre 30 días e un ano antes do movemento, ou

que se trate de ovinos menores de 2 meses de idade nados de femias vacinadas con destino a ceba en explotacións situadas en zona libre, caso en que os animais quedarán inmovilizados na explotación de destino e terán como único destino final o sacrificio en matadoiros nacionais.

Para tal efecto, as autoridades competentes das comunidades autónomas elaborarán unha listaxe de explotacións de ceba de ovino que cumpran os requisitos hixiénico-sanitarios para a súa autorización para recibir ovinos de ceba de menos de 2 meses de zonas de restrición. Esta listaxe seralle remitida á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación co fin de elaborar unha listaxe nacional e poñela á disposición das autoridades competentes das comunidades autónomas.

## ANEXO II

### Clasificación de zonas en función dos datos de actividade de culicoides imicola adultos

Zona restrinxida:

A.1 Zona estacionalmente libre a partir do 1 de decembro de 2005.

Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de El Escorial, Griñón e Navalcarnero.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Cebros, Las Navas del Marqués e Navalunga.

Provincia de Salamanca: as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros.

Provincia de Cáceres.

Provincia de Toledo.

Provincia de Ciudad Real.

Provincia de Badajoz: as comarcas veterinarias de Zafra, Azuaga, Castuera e Herrera del Duque.

Provincia de Jaén: as comarcas veterinarias de Jaén, Alcalá la Real, Huelma, Úbeda, Linares e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Córdoba: a comarca veterinaria de Lucena e Baena.

Provincia de Sevilla: as comarcas veterinarias de Lebrija, Marchena, Osuna, San Lúcar la Mayor e Utrera.

Provincia de Málaga: as comarcas veterinarias de Ronda, Estepona e Antequera.

A.2 Zona estacionalmente libre a partir do 15 de decembro de 2005.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias Sotillo de la Adrada, Candeleda e Arenas de San Pedro.

Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez e San Martín de Valdeiglesias.

Provincia de Jaén: a comarca veterinaria de Andújar.

Provincia de Córdoba: as comarcas veterinarias Montoro, Pozoblanco, Hinojosa del Duque, Peñarroya-Pueblo Nuevo, Posadas e Montilla.

Provincia de Sevilla: as comarcas veterinarias de El Ronquillo, Cazalla, Cantillana, Carmona e Écija.

Provincia de Cádiz: as comarcas veterinarias de Litoral, Campiña, La Janda e Sierra de Cádiz.

Provincia de Badajoz: as comarcas veterinarias de Don Benito, Badajoz, Jerez de los Caballeros e Mérida.

Provincia de Huelva: a comarca veterinaria de Cartaya.

A.3 Zona estacionalmente libre a partir do 30 de decembro de 2005.

Provincia de Huelva: as comarcas veterinarias de Cortegana, Aracena, Puebla de Guzmán, Valverde del Camino, La Palma del Condado e Almonte.

Provincia de Cádiz: a comarca veterinaria de Campo de Gibraltar.

A.4 Zona non estacionalmente libre.

Provincia de Málaga: as comarcas veterinarias de Málaga, Cartama e Vélez Málaga.

Cidades de Ceuta e Melilla.

B. Zona libre: o resto do territorio nacional.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

468

*ORDE PRE/3/2006, do 12 de xaneiro, pola que se modifica o anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro. («BOE» 11, do 13-1-2006.)*

O Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de maio de 1999, sobre a aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros da Unión Europea relativas á clasificación, o envasado e a etiquetaxe de preparados perigosos.

No anexo VI deste real decreto, que coincide co do mesmo número da directiva, figura unha lista dos Estados membros. Recentemente o Consello da Unión Europea modificou esta lista para incorporar os dez novos membros, como consecuencia do Tratado de Adhesión dos ditos Estados á Unión Europea. Isto realizouse, no referente á Directiva 1999/45/CE, por medio da Directiva 2004/66/CE do Consello, do 26 de abril de 2004, pola que se adaptan as directivas 1999/45/CE, 2002/83/CE, 2003/37/CE e 2003/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e as directivas 77/388/CEE, 91/414/CEE, 96/26/CE, 2003/48/CE e 2003/49/CE do Consello, nos ámbitos da libre circulación de mercadorías, a libre prestación de servizos, a agricultura, a política de transportes e a fiscalidade, como consecuencia da adhesión da República Checa, Estonia, Chipre, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia, Eslovenia e Eslovaquia.

En consecuencia, faise preciso substituír a lista de Estados que figuraban no anexo VI do Regulamento de clasificación, envasado e etiquetaxe aprobado polo Real decreto 255/2003, pola lista do anexo desta orde.